

## PROTOCOLO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Doce anos despois da sinatura do Protocolo de colaboración en materia de política lingüística por iniciativa dos gobernos de Cataluña, Euskadi e Galicia, actualmente son xa seis os gobernos que o subscriben, ao sumarse posteriormente os das Illas Baleares, a Comunidade Valenciana e Navarra. Todos os Gobernos asinantes comparten a perspectiva de multilingüismo, respecto mutuo e acción decidida a prol das linguas en situación de maior debilidade.

Cómpre recordar que o obxectivo fundamental de tal instrumento de colaboración é lograr a asunción plena da realidade plurilingüe do Estado español, nomeadamente por parte das súas institucións, tanto centrais coma periféricas, de maneira que se traslade á realidade operativa e funcional das diversas administracións dependentes do Goberno do Estado a ampla e elemental batería de obrigas e deberes recollidos na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, subscrita e ratificada polo Estado español. E a realidade amósanos cada día que o noso labor activo e de vixilancia e reivindicación segue sendo necesario. Tan necesario como hai doce anos, ou máis.

En efecto, achegámonos ao vixésimo aniversario da devandita ratificación polo Estado español, e preocúpanos en gran medida que os informes de seguimento da Carta Europea das Linguas seguen poñendo de manifesto reiteradamente os mesmos incumprimentos por parte da Administración do Estado en ámbitos de tanta relevancia como o da Administración de xustiza e o dos servizos da Administración central localizados nas comunidades autónomas con dúas linguas oficiais.

É innegable que son moitos os factores de risco que comprometen o desenvolvemento presente e futuro das nosas linguas e da realidade plurilingüe que o propio Estado español reconece na súa Constitución, polo que é hoxe máis necesario que nunca que a Administración do Estado, coa coherencia esixible a todo Estado democrático, vele pola súa protección e pola salvagarda dos dereitos lingüísticos e adopte as medidas necesarias para cumprir as recomendacións que reiteradamente recollen os informes do Comité de Espertos e as recomendacións adoptadas polo Comité de Ministros do Consello de Europa, para garantir os dereitos lingüísticos da cidadanía.

A defensa dos dereitos lingüísticos da cidadanía e o fomento da diversidade lingüística a través da promoción sistematizada e eficaz das nosas linguas

propias é unha tarefa que debe estar por riba dos intereses políticos particulares ou conxunturais, porque se inscribe na propia esencia dun Estado democrático. Non se trata dunha opción, senón dun imperativo democrático do máximo nivel, dun obxectivo evidentemente lexítimo, recoñecido e referendado polas máis altas institucións europeas e estatais.

De feito, as persoas asinantes deste protocolo e desta declaración traballamos desde diversas sensibilidades e opcións políticas, e operamos en realidades moi diferentes, mais tal diversidade non nos supón obstáculo ningún á hora de diagnosticar problemas e acordar conxuntamente propostas de solución, precisamente porque actuamos desde o convencemento de que a convivencia entre as linguas e os seus/as súas falantes, o seu mutuo coñecemento e recoñecemento, así como o enriquecemento recíproco, son valores do máis fondo calado democrático. Móvenos igualmente a certeza de que o futuro, pero tamén xa o propio presente, veñen precisamente da man do multilingüismo, o que equivale a dicir que o fomento das nosas linguas, tan esixible ao Estado como ás nosas propias institucións, é unha das claves de bóveda da convivencia nas sociedades democráticas modernas. E a iso é, en definitiva, ao que aspiramos.

En consonancia con todo isto, as persoas asinantes desta declaración, responsables da Política Lingüística nos nosos Gobernos, instamos o Goberno resultante da recente convocatoria electoral a que, sen demora e nunha atmosfera de entendemento e consenso coas institucións das nosas comunidades, dea pasos efectivos para incorporar á súa axenda política un plan eficaz orientado ao cumprimento dos deberes que a Administración do Estado ten coas linguas oficiais diferentes do castelán. É unha tarefa que non admite demora e para a que ofrecemos, como fixemos sempre, a nosa máis resolta colaboración e a nosa contrastada vontade de acordo.

Nese mesmo sentido, facemos fincapé nunha das liñas mestras que, ao noso xuízo, deberían orientar a actitude dilixente e proactiva que reclamamos do Goberno do Estado: é de vital importancia para a convivencia Harmoniosa entre as linguas e os seus/as súas falantes que as autoridades do Estado adopten medidas pedagóxicas e comunicativas eficaces na orde da asunción por todo o conxunto da cidadanía do Estado da esencial realidade multilingüe de este, así como da necesidade de promoción sostida das linguas oficiais no Estado español como chave para un multilingüismo equilibrado e harmónico.

Finalmente, as persoas asinantes da presente declaración referendamos e reforzamos hoxe o noso compromiso de seguir traballando por unha política



lingüística resolta e eficaz, construída sobre o acordo e coa convivencia lingüística e social como norte.

Bilbao, 20 de novembro de 2019